

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº29/ Ano: 2021 / 1º xornal Mes de maio/ Estado esperanza

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)

## CENTRO DE VISITANTES (VII)

(Suxestións III – Distribución I)

Traio nesta entrega a miña primeira suxestión con referencia á distribución interior.

Ter en conta que o primeiro obxectivo era que houberse un Centro de Interpretación ou de Visitantes en Ons.

A súa distribución foi realizada por unha empresa especializada na montaxe de museos ou Centros como este, pero, tamén temos que mirar que co paso do tempo, quizais a distribución realizada nun principio, puido quedar obsoleta ou pouco efectiva, por iso a razón da miña suxestión.

Páx. 1



## Memoria de Adán

Adán Lorenzo Domínguez Falcón

## HemerONSteca

“Ons, Ondas”

Outro interesante libro con temática de Ons, realizado polo IES “Illa de Ons” de Bueu en 2012.


Entre as historias que narra, temos as Memorias de Adán, auniense que nos relata un bo número de anécdotas que o seu pai viviu nos mares de Ons.

Páx 3

## CATEDRAL GASTRONÓMICA

Nesta entrega traio a receita do “Cazón con Fideos” que realizouse na Catedral, despois de pasar un bo rato quitándolles a pel e quedar coas mans esnaquizadas pola lixa que ten como protección.

Páx. 2



## ONS ARQUEOLÓXICA

“ARQUEOLOXÍA SUBMARINA (V)”

Toco neste número os naufraxios ocorridos en Ons durante os anos que van dende 1940 a 1960. Entre eles están os máis coñecidos, como a patrulleira francesa “Barsac”, o remolcador da Armada “Cíclope” e o submarino “General Mola”.

Aproveito para animar a Parques na investigación e axudas para Arqueoloxía Submarina. Páx. 3



## OUTROS TEMAS

-Ons na Memoria: Comisión de Festas do ano 1999.

-Salgadoiro de Suxestións: A foto da entrada do Centro de Visitantes.

-Alumnos de Lourizan, fan prácticas na Illa.

-Melide, con Bandeira Azul?

-Pasarela de baixada a Area dos Cans.

## A PELÍCULA “ONS” NOS MESTRE MATEO

A película “Ons” de Alfonso Zurauza acaparou a maioría de premios na gala dos Mestre Mateo.

Dende aquí pedímoslle a realización dunha película onde Ons e a súa historia, sexan o fío condutor. Páx. 5



## CENTRO DE VISITANTES (VII)

(*Suxestións III – Distribución I*)

Partindo da base que o importante era contar cun Centro Cultural en Ons, a distribución que se realizou nun principio considerámola boa, tendo en conta que habería tempo en anos sucesivos para realizar cambios se eran esenciais segundo as necesidades. Pasados xa 10 anos, coidamos (falarei en plural porque as ideas non son só miñas) que poderíanse facer unha serie de cambios e mellorar moito en espazo e actividades a realizar.

O lugar escollido é ideal, sobre todo polo amplo que é e por estar no centro neuráxico da Illa. Coidamos que a división de espazos interiores debería estudarse dende tres parámetros:

a) Sala de usos ou actividades múltiples. b) Zona de Biblioteca con espazo para 2 – 3 mesas. c) Varias estancias para divulgación das diferentes características da Illa: Natural, histórica e etnográfica, véndoas no máis amplo do seu significado. Tamén hai que ter moi en conta os espazos exteriores que serán de moita axuda.

a) A **sala de Actividades Múltiples** debería ser a máis ampla do Centro e non contar con ningún tipo de exposición permanente, agás, por exemplo, fotos ou materiais decorativos doados de retirar para aproveitar o espazo para actividades, traballos, eventos, exposicións,..., puntuais. Contaría con cadeiras de fácil almacenaxe, inseríndoas unhas noutras para deixar sitio se se precisa, pantalla ampla e material de audiovisuais. Tamén aparellos sobre a parede, ou de montaxe rápida, para colgar marcos con cadros, fotos,..., para exposicións. Importante para organizar actividades en días de choiva.

b) **Biblioteca**: Sería unha sala media, con capacidade para estantes e contando con 2 – 3 mesas non moi grandes, para ter onde traballar. No caso de necesitar máis espazo para algunha actividade concreta, estaría a sala de usos múltiples. Na biblioteca habería todos os libros editados sobre a Illa de Ons, sección de hemeroteca, traballos editados, teses,..., material audiovisual. Todo o que non se puidera conseguir por estar esgotado, faríase en fotocopia ou en formato dixital. Debería dispoñer de 2-3 ordenadores portátiles e conexión a internet.

c) **Varios espazos** segundo dispoñibilidade, con información concisa dos temas máis importantes dentro do plano biolóxico-natural, histórico-arqueolóxico e etnográfico-antropológico. Nestas salas habería que prescindir dos paneis explicativos grandes, que ocupan toda a parede, para que esta se poida aproveitar en toda a súa amplitude, xa que, de querer poñer algún andel ou estante, taparíamos o panel e de nada serviría.

Importante fotos non moi grandes pero que expliquen o máis destacable, paneis pequenos explicativos, andeis, estantes ou armarios con cristal visible, con elementos de exposición. Aproveitar toda a estancia, con materiais de exposición no centro das salas, pero con facilidade para moverse ao seu redor.

De poñer algún expositor interactivo, que se busque o sitio adecuado e teña un mantemento, case, diario.

...*Continúa próximo Onstopus*



**Foto esquerda:** Aproveitar máis o espazo e, que as paredes estean preparadas para albergar exposicións puntuais.

**Foto dereita:** Que os paneis non ocupen toda a parede. E buscar outro lugar para exposicións como, a Tapadeira da Laxe do Crego, que ocupa moito espazo na sala de audiovisual e dificulta a realización de actividades.

*Para a tapadeira da Laxe explicarei máis adiante cal sería o lugar ideal.*



## ONS NA MEMORIA.

*Comisión de Festas 1999*

Unha das últimas Comisións de Festas que foi elixida pola comisión saínte. Estaba presidida por Manuel Patiño Sampedro, con gafas, e contaba con veciños de experiencia como o Sr. Benito, Carlos e o Gemelo.

Ese ano celebraron a misa na capela de Canexol, reformada o ano anterior, e que contaba cunha nova campá doada por Lino Pazos de **Pineiróns**. A procesión celebrouse antes, co fin de levar as imaxes de Curro a Canexol. Un detalle foi que, cos cartos sobrantes da Festa, leváronse todas as imaxes a reparar debido ao seu mal estado. Quedaron tan ben que en 22 anos seguen como novas.

A Festa de San Xaquín é parte da Cultura Popular de Ons, pido á Asociación veciñal que a revitalice de novo para o 2022.

## CATEDRAL GASTRONÓMICA DE ONS

Tiñamos ganas de probar de novo o cazón. Tomáramolo un día hai anos na de Acuña, rebozado e frito, estaba boísimo, e quedounos ese sabor e esas ganas de volver a comelo.

Aquel día estábamos no peirao moi cedo. Chegaran Cesáreo e Pin no seu barco <Comatí> e axudámoslles a limpar as redes. Entre o peixe que traían viña unha pintarroxa e comentámoslle as ganas que tiñamos de probala de novo. Dixo que non había fallo, que eles as tiran xa que non teñen case venda (falamos de mediados dos anos 90, hoxe teñen boa venda nas prazas). Efectivamente cumpriu o prometido e á tardiña tróuxonos un bo lote delas e ensinounos como quitarlle a pel.

Vaia experiencia!! Recordo que quedei case sen pel nas mans. A pel do peixe era como lixa e menos mal que nos prestou uns alicates, senón non había que lla tirara.

Feito o choio, adobamos algunha para fritir e outras deixámoslas para tomar xunto cunhas chirlas, que nos regalaran tamén, e preparámoslas con fideos. Estaban de morte!!!

## Scyliorhimus canicula

Coñecida en Ons como: Pintarroxa, cazón, lixa, gata.

Posúe cinco aberturas branquiais. Cabeza esmagada dorsoventralmente, algo triangular, morro curto. Ollos grandes, ovalados, en posición lateral. Faldróns nasais lisos, moi xuntos, que chegan ata a boca. Dúas aletas dorsais. Con aleta anal. Pel moi áspera ao tacto. Color marrón claro polo dorso, salpicado de numerosos manchóns negros, que forman zonas máis escuras; ventre branco. Ata 1 m de lonxitude.



## CAZÓN CON CHIRLAS E FIDEOS

### Ingredientes:

- Varios cazóns, segundo cantidade de comensais
- Cebola, allo, pemento vermello e verde
- Chirlas
- Viño branco
- Caldo de peixe
- Colorante
- Fideos nº 5

### Preparación:

- Fritiremos o cazón despois de cortado.
- No aceite, sofrítimos os allos, a cebola e os pementos.
- Despois de 10 minutos, botaremos un vaso de viño branco e deixamos que perda o alcol.
- Engadiremos o caldo de peixe e, cando comece a ferver, botarémolles o colorante e os fideos.
- Cando leven un tempo, sobre 10 m., engadiremos o cazón e as ameixas.
- Probaremos de sal e cando estean abertas as ameixas apagamos, deixando repousar uns 5 minutos.

**QUE APROVEITE!!!**



**Foto arriba:** Unha familia fotografándose co cartel.

**Foto abaixo:** Panel de feira onde, por detrás, a persoa pode sacar a cara polo buraco. Podería ser unha idea!

## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con referencia a Onstopus 28. Sobre a foto que acompaña na portada ao tema do Centro de Visitantes: “Amigo Pardellas, chamoume a atención no Salgadoiro de Onstopus anteriores, o tema tratado sobre a sala do Centro de Visitantes dedicada a unha recreación dunha aula escolar de mediados do século pasado. Non vou entrar nese tema, aínda que concordo contigo en que non pinta nada aí. O que si, e coido que o temos tratado na Illa máis dunha vez, é o, chamémoslle, cadro fotográfico que hai na entrada do Centro, onde vese, segundo din, unha familia de Ons co fondo da Enseada de Caniveliñas.

Dese tema non dis nada, sendo como é unha metida de pata que queiran darnos a entender que ese debuxo represente a unha familia de Ons. Sabemos que os profesionais contratados por Tragsa para encher o Centro de contido, eran vascos e, esas persoas que din son veciños de Ons, é unha familia cunha feitura vasca total.

Coido que tamén habería que dicir algo sobre iso, pois se xactan de que ten un enorme éxito entre os turistas para facerse fotos a carón da, suposta, familia da Illa”.

Estimado lector e amigo, tes toda a razón, pero coido que a problemática do interior do Centro é máis importante que ese cartel, polo que hai que priorizar no trato da sección.

Unha opinión persoal, ao igual que dixen da aula, sería facilitarlle aos turistas a sesión fotográfica ao carón da familia. Mellor que o separen da parede, o traian un pouco para adiante, o suxeiten ao chan e recorten a cara, así os turistas poranse por detrás, sacarán a cara polo buraco e a foto quedará perfecta, non che parece? Jajj. Pero ben, sexamos serios.

## LIBROS-d-ONS


### “ONS, ONDAS”

Traemos un novo libro, editado no ano 2012 polo IES Illa de Ons de Bueu. Os profesores responsables da edición din: “É un libro onde se recompilan dúas coleccións de historias: Por unha banda Memoria do Mar, que está composta por historias de mariñeiros que os alumn@s recompilaron e escribiron a partir dos testemuños dos seus pais e avós. As historias foron seleccionadas entre as que se presentaron en diferentes anos ao concurso de relatos mariñeiros que organiza a Asociación Os Galos e a Confraría de Pescadores San Martiño de Bueu.

E, por outra banda están as Memorias de Adán, onde Adán Lorenzo recolleu a memoria súa e da súa familia na Illa de Ons”.

### Ons, Ondas

Edición a cargo de  
Dora Sota López e Xosé Xosé Rodríguez Rivas



### ONS ARQUEOLÓXICA

### “ARQUEOLOXÍA SUBMARINA (V)”

Quero empezar esta entrega dando os meus parabéns á colaboración entre o Parque e a Universidade de Vigo, no que respecta a temas histórico-arqueolóxicos **submarinos**, pois, segundo din, houbo unha cooperación na identificación dunha ánfora romana atopada en Cortegada, como publican, localizada hai varias décadas, e que foi entregada ao Parque Nacional no ano 2014 que, á súa vez, derivouna á Universidade de Vigo para o seu estudo. O que non sabemos nin entendemos, é por que tardaron tanto tempo en dar a coñecer o estudo de dito achado, xa que, de 2014 a 2021 van 7 anos!!! Sen entrar en máis controversia, valoramos moi positivamente que dende a Consellería de Medio Ambiente consideren importante o valor histórico-arqueolóxico das Illas pertencentes ao Parque, aínda que, coidamos debería haber un máis profundo esforzo no que respecta á temática histórico-arqueolóxica e etnográfico-antropolóxica das illas do Parque.

Entrando no tema da arqueoloxía submarina en Ons, temos que dicir que comezamos aquí un período de tempo que vai de 1940 a 1960, dúas décadas que, sen menoscabar as anteriores, tiveron, sen embargo, unha dedicación mediática máis importante, facendo que estes graves accidentes marítimos cobraran máis importancia.

Destacaremos entre eles: <Barsac> 1940. <Campos> 1942>. Unha <Lancha xeiteira> 1947. O <María Luísa> 1950. O remolcador da Armada <Cíclope> 1952. O <Carmenhu> 1957. O submarino <General Mola> 1959. O <Santiago Cerviño> 1959 e o <Europa> no 1961. Falar de cada un deles, coa cantidade de documentación que hai, faría moi amplo esta pequena nota periodística, polo que vou a dar unhas cantas entradas de internet para aqueles que queiran saber un pouco máis sobre eles. Despois cada un, segundo o seu interese, saberá por onde pescudar para ter máis datos sobre eles.

<http://www.u-historia.com/uhistoria/historia/turismo/generalmola/generalmola.htm>

<https://www.diariodepontevedra.es/blog/milagros-bara/el-submarino-de-ons/20160413143233346516.html>

[http://bueu.esy.es/Revistas/Os%20Galos/13/02\\_Naufraxios-Tin%C3%B3n.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Os%20Galos/13/02_Naufraxios-Tin%C3%B3n.pdf)

[http://bueu.esy.es/Revistas/Os%20Galos/09/07\\_Naufraxio\\_Tinon.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Os%20Galos/09/07_Naufraxio_Tinon.pdf)

[https://galego.farodevigo.es/opinion/2013/06/08/naufraxios-ons-ii-o-ciclope-17436331\\_amp.html](https://galego.farodevigo.es/opinion/2013/06/08/naufraxios-ons-ii-o-ciclope-17436331_amp.html)

<https://www.farodevigo.es/opinion/cartas-al-director/2016/02/23/ons-voltas-co-barsac-16683719.html>

Sobre este grupo de naufraxios dicir que sería importante unha investigación sobre o paradoiro de moitas das pezas deles, especialmente do Barsac. Comentan que debido a estar a pouca profundidade, foi mergullado e saqueado e xa houbo quen deu pistas das súas posibles localizacións.

Tamén, sobre este tema, sería moi interesante que a Arqueoloxía submarina estea documentada e que ocupe un lugar, tanto no Centro do Cambón, como no de Ons, onde se poden expoñer algunhas pezas (Por exemplo proxectís do Barsac xa desactivados e que están en posesión da Armada á espera) en vitrinas e uns paneis explicativos ao seu carón.

A Arqueoloxía submarina é tan importante como a terrestre. Hai especialistas que a teñen ben localizada e documentada. Debería ocupar un espazo nos Centros de Visitantes de todas as Illa de Parque.



#### Fotos de arriba cara abaixo:

O General Mola. Pasador do Cíclope. Remolcador Cíclope. Munición do patrulleiro Barsac e restos do submarino General Mola.

Todos accidentados nas Illas de Ons ou Onza.

## CONMEMORACIÓN DO DÍA DAS LETRAS DE ONS

Hai un tempo, dende PineirÓns, sacabamos a idea para que os organismos oficiais que teñen que ver con Ons (Consellería de M. Ambiente, Parques e o Concello de Bueu), uniran as súas forzas para sacar adiante unha conmemoración que considerabamos interesante, como era o celebrar o *Días das Letras de Ons*, dedicado cada ano a un/ha personaxe que traballara a prol da Illa ao longo do tempo, podería ser unha magnífica idea con gran repercusión histórica e didáctica. Foto: Revista NOS onde publicou o seu traballo sobre Ons Álvaro de las Casas.




Sabemos que as Furnas da Illa de Ons, foron empregadas por piratas e corsarios que, despois de saqueos de naves ou invadir os pobos da contorna, utilizaban estas covas mariñas para gardar o froito das súas rapinas durante un tempo.

## DIARIO DEL DOMINGO

28 de marzo de 1999

Con acento galego

# A ILLA DE ONS E OS TESOUROS DE BENITO SOTO



**B**enito Soto, ó que deron en chamar “O Pirata da Moureira”, vivía á carón do Lérez e nese río e nas súas inmediacións, soía xogar.

As súas correrías polo barrio da Moureira contribuíron a que os mariñeiros o tiveran coma un grumete e, por elo, en moitas ocasións, acompañáboas nas súas singraduras ata os caladoiros pesqueiros.

### Lugar preferido

Un dos seus lugares preferidos era a Illa de Ons, axiña que se decataba que algún dos barcos fíase achegar ata Ons, embarcaba coma un mariñeiro máis coa súa bolsina ó costado onde levaba un molete, chocolate e unha cantimplora baleira.

Tan pronto arribaban á Illa, os mariñeiros desembarcábano e despois, á tardiña, o viñan recoller para o regreso. O rapaz, inda que era un furafollas, gustaba de se sentar rente ós mariñeiros e escoita as súas paroladas e, por mor delo, tivo contacto coas numerosas historias de invasións, irrupcións, piraterías. . . . que houbo por estas costas; pero o que máis lle intrigaba, era que todas remata-

ban nesta máxica Illa, Ons, onde, nas súas numerosas Fumas (Covas dos cantís) agochábanse tódalas mercadorías e tesouros froitos das rapinas realizadas terra a dentro por Normandos, Sarracenos, Turcos, Ingleses. . . .

### A Fonte

Nada máis desembarcar en Ons, fa ata a fonte do Cano e alí enchía a súa cantimplora de auga, escoitara que a auga desa fonte tina propiedades milagreas e que era motivo, xunto a outras cousas, de que ó longo dos séculos os barcos que se internaban polas Rías Baixas, fixeran un alto na Illa para enche-las súas cubas con esa auga feiteiceira.

Despois o pequeno Benito, comezaba o seu percorrido polos cantís e praias solitarias, tiña unha verdadeira teima por atopar algún dos tesouros, tal foi a súa cisma, que chegou a coñecer todas as Furnas da Illa.

E é aquí onde está o principal segredo sobre o Tesouro de Benito Soto. Antes da súa recalada na baía de Bueu, Soto mandou fondear na praia de Melide o “Defensor de Pedro”, alí, mentres os seus homes relaxábanse dándose un baño; o nestas engaiolantes augas que posúen un halo de misterio ó pertencer á

corredoira empregada pola Santa Compañía; a cando se achega en Procesión ata Ons ou por seren onde se van a tomar as ondas para sandar de certos feitizos; ordenou Soto desembarcar varios barrís moi pesados, comentando á tripulación que continan viño e que fa a cambialos por produtos do mar.

### As Furnas

Os illáns puxeron varios carros ó seu servizo, pero non se sabe que rumbo chegou a tomar; uns falan que tirou ó norte, cara á Enseada de Cova da Vella, lugar que coñecía moi ben e onde existen varias Furnas; outros cren que puido ir cara a Enseada do Gaiteiro e que a Cova de Fontenova pode, á carón de servir de berce ós niros de Cormorán, agochalo seu tesouro; sen embargo hai quen di, que o miraron atravesar toda a Illa e dirixirse á Enseada de Fedorentos e que, na enorme cova existente na inaccesible praia, escondou o seu botín; inda que, a maioría pensan, que o gardou na Cova dos Mouros. (á carón do Castro e lugar onde de rapaz soía ir moito a xogar), pois esta Cova tiña unha das súas dúas saídas na Enseada de Canivelinas, polo Cano das Bombas, e sería o lugar ideal para despois recuperalo sen ser observado. Quizais sexa ese o motivo que esta saída da Cova este hoxe taponada.

Xa de regreso para o barco, fixo un alto no barrio de Curro para mercar ós illáns diferentes especies de peixes e mariscos que foron levados ata o “Defensor de Pedro” en varias Domas polbeiras. De novo no barco e aparelhada a carga, mandou levar áncoras e dirixirse cara a Enseada de Bueu onde fondeou.

Os que viron ós homes do “Defensor de Pedro” baixar gran cantidade de caixas do barco, coidaron que estaban a desembarcar o froito do seu botín, pero estes non continan máis que peixe, polbo e marisco.

### Segredos e tesouros

Este feito axudou a Benito Soto a manter o seu segredo ben agochado e, para darlle máis credibilidade, espallou moedas e xoias por os lugares que frecuentaba, entre os que se atopaba o Adro de San Bartolomé o Vello en Pontevedra, onde agora están a saír á luz.

A Illa de Ons agocha grandes segredos e tesouros, quizais tamén o de Benito Soto. É unha Illa cargada de contos, lendas, meigallos. . . . polo tanto Ons é moito máis que Natureza, é fantasía, mito, tradición. . . .

Autor: Celestino Pardellas de Blas

## A PELÍCULA “ONS” DE ALFONSO ZARAUZA, OBTÉN NOVE PREMIOS <MESTRE MATEO>

Xa comentábase no Onstopus 27 que a película “Ons” tiña 13 nomeamentos nos Mestre Mateo. O día 10 de abril celebrouse a gala e “Ons” foi a gran triunfadora obtendo 9 galardóns, entre eles, ao de mellor película, sendo tamén moi valorada nas categorías de interpretación, levando os actores Melania Cruz, Antonio Durán (Morris) e Marta Ledo os seus correspondentes galardóns. Os nosos parabéns ao seu director e a todo o equipo.

Particularmente, como xa comentei noutro Onstopus, aínda teño que visualizala de novo para dar a miña opinión sobre a película. Nun primeiro intre, non a captei moi ben, entre outras cousas, por problemas de son e a miña falla de audición. Espero con ansia volvela a ver.

Moi positiva foi a boa harmonía entre o director, actores e demais membros do equipo, coa Illa e cos seus moradores. Coidei que era debido ás dificultades da rodaxe (en pleno outono e con temporais), pola boa acollida que lles dispensaron os aunienses e a familiar hospitalidade que tiveron para aloxarse e comer.

Pero a miña opinión positiva foi a máis cando, na mesa redonda que se levou a cabo no Museo do Pobo Galego, onde tiña lugar a Exposición <Ons Soa> de Paula Ballesteros, e onde faláron, ademais de Paula, Roberto Castiñeiras e Alfonso Zarauza, descubrín a grande sensibilidade que Zarauza tiña pola Illa e os seus veciños, dando a coñecer a súa opinión sobre temas tan importantes para os aunienses como eran a falla de servizos, a emigración á que se viron forzados, a pouca dedicación por parte da clase política,... e a grave perda da súa importantísima Cultura Popular.

Quedei verdadeiramente abraiado do seu coñecemento da problemática auniense e do seu sentimento cara a ela e aos seus veciños.

Imos propoñerlle, dende PineirÓns, a posibilidade de realizar unha película con temática puramente illán. Unhas recomendacións serían os magníficos libros, xa citados en Onstopus, de “Faro de CorazONS” de Manuel Felpeto ou “Ons” de Carlos Meixide. Xa vos contarei...

Fotos: Cedidas polos veciños.



### MELIDE. BANDEIRA AZUL?

Un amigo curioso, atopou esta nova en internet e fíxome chegar, dicíndome que fixera eu o comentario.

Haberá tempo para comentar o tema das Bandeiras Azuis para a Illa de Ons, cousa que xa fixen en anteriores Onstopus, pero aquí só imos a nomear a desinformación que o autor ten sobre ese tema, no que respecta a Bandeiras Azuis na Illa.

Por dicir algo, **SI**, Ons debería ter, como mínimo, unha praia con Bandeira Azul, e dende este humilde minixornal xa explicamos o por que. (Onstopus nº 2, páx.2).

Agora estamos á espera de acontecementos e un pouco liados con outros temas sobre esta Illa, pero que non se dubide que seguiremos coa nosa loita nesta temática.

Ons non é menos que as Cíes!!!

## [Los 12 pueblos y lugares más bonitos de la ría de Pontevedra](https://www.elespanol.com)

<https://www.elespanol.com> > ... > [Conoce O Salnés](#)

1 feb 2021 — Es un enclave privilegiado para visitar otros lugares próximos como la vecina Portonovo, el bello pueblo de Combarro, la cercana isla de Ons

### **Illa de Ons, el centinela de entrada a la ría**

Illa de Ons [turismo.gal](http://turismo.gal)

La [isla de Ons](#), en el municipio de Bueu, es un paraíso natural que esconde curiosas formaciones como furnas (cuevas marinas), paredes verticales llenas de vida gracias a las ricas aguas que las nutren, propicias para la pesca, en la que destaca la captura del pulpo. También hay en Ons playas ideales para tumbarse al sol, miradores con vistas asombrosas, observación de cielos nocturnos y rutas de senderismo para acercarte a los lugares más recónditos y secretos de la isla.

Acudir a la isla en busca de buenas playas es todo un acierto, pues Ons tiene varias y algunas son de las mejores de las Rías Baixas, con la diferencia de no estar masificadas. Sobre todas ellas destaca la [playa de Melide](#), **con Bandera Azul**, que hace años fue nudista pero hoy acoge también al resto de bañistas. Sus aguas cristalinas y su extenso arenal de arena blanca y fina te harán olvidar Rodas por unas horas.

Para acudir a la isla no tienes más que solicitar un permiso de acceso, calzarte unas buenas zapatillas y disfrutar de sus paisajes y playas.

Foto: A praia de Area dos Cans, si podería optar a unha Bandeira Azul.



Facebook. Consellería de medio ambiente. 4 de maio de 2021

**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**

Os alumnos do Centro de Investigación Forestal de Lourizán realizan prácticas na illa de Ons.

De feito, coa súa colaboración nos últimos días procedeu a rozar na zona do manantial de Entenza.

*Fotos e textos: Que acompañan á noticia. Consellería M. Ambiente*



### ALUMNOS DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN FORESTAL DE LOURIZAS FAN PRÁCTICAS NA ILLA DE ONS

A asociación cultural Pineiróns leva anos solicitando á Consellería de M. Ambiente e a Parques que leven unha política adecuada de eliminación de árbores non autóctonas ou prexudiciais, que á vez que cortan tamén planten e que unha cousa e outra sexan vixiadas, controladas e asesoradas por persoal cualificado, como por exemplo pode ser, o Centro Forestal de Lourizán.

Dubido moito que isto se fixera nos últimos 19 anos nas cortas que se realizaron en diferentes lugares da Illa, o que seguro que non se fixo ata agora, é unha plantación ou repoboación paralela.

Na última corta que se realizou no Campamento da Xunta en Pereiró, aparte de poder causar un problema para os rapaces que pasan alí quendas no verán pola falla de sombra, descoñecemos, pola falla de información na administración, o por que se realizou, quen a levou a cabo, ..., e se contaron con asesoramento técnico por especialistas.

Sei que Pineiróns vai contactar coa D. Xeral de Xuventude, para coñecer se foi esa Dirección Xeral quen levou a cabo ou ordenou a corta e poda ou, senón foi, se estaba informada.

Coido que é importantísimo unha boa colaboración entre o Parque e o Centro de Lourizán para realizar todo tipo de cortas, podas e plantacións, e algo que non se fai, como é un seguimento posterior para ir estudando o comportamento do reforestado.



#### Fotos de abaixo:

**Esquerda:** Magnífico arboredo que daba sombra ás tendas e rapaces do campamento.

**Dereita:** Como quedou a zona (2021) despois da corta e poda.



### PASARELA DE BAIXADA Á PRAIA DE AREA DOS CANS

Nestas pasadas vacacións de Semana Santa, tivemos tempo de pasear por toda a Illa. Entre outras cousas, chamounos a atención que esta parte da pasarela de baixada a Area dos Cans, estivera cunha cinta que prohibía o paso.

Sabemos que estas pasarelas de madeira teñen unha vida curta e máis se se atopan a carón do mar.

Habería que facer un seguimento anual e, aparte de coñecer se compensan economicamente o poñelas en certos lugares, ir reparándoas a medida que vemos deterioracións. Sabemos que as cousas realizadas aos poucos, son levadeiras economicamente, do contrario, fanse inasumibles.